

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA**  
**DE 30 DE AGOSTO DE 2023**

**1. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00036369X.**

Ratificación da urxencia. |

Ratifícase a urxencia.

**2. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00020054W.**

Adxudicación das obras de execución da operación EDUSI-FEDER de “Restauración do entorno dos ríos Sarela, Sar e Vilar” |

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a Execución do proxecto “Obras de execución do proxecto "Restauración do entorno dos ríos Sarela, Sar e Vilar" cofinanciado polo FEDER 2014-2020 (EDUSI - REVIVE COMPOSTELA)”, á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A con NIF A15352735, por un importe total de 301.368,99 € (base impositiva de 249.065,28 € máis IVE do 21% de 52.303,71 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete como melloras:

- Ampliación prazo garantía por riba do mínimo: 5 anos.
- Ampliación das medidas de control de calidade: 2% a maiores.
- Ampliación das medidas de control ambiental: 2% a maiores.

Designase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao Departamento de Arqueoloxía, que asigna a este cometido a Xefa do Departamento Dolores Cerqueiro Landín e ao arqueólogo Javier Luaces Anca.

Segundo: Comprometer o gasto por importe de 301.368,99 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 17210 6090000 / 2017 2 EDUSI 12 1, conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2023: 301.368,99 €.

Esta operación está incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.